

# Regulamento electoral da UFEDEGA

## **Capítulo I. Disposicións xerais.**

### **Artigo 1. Obxecto da normativa.**

O presente regulamento electoral ten por obxecto regular o proceso de elección da Xunta Directiva e Presidencia da Ufedega.

### **Artigo 2. Celebración de eleccións.**

A Ufedega procederá á elección da súa Xunta Directiva e Presidencia cada catro anos.

O calendario electoral será aprobado pola Xunta Electoral.

### **Artigo 3. Comisión xestora. Composición, duración e funcións.**

1. Unha vez convocadas as novas eleccións, a xunta directiva da Ufedega funcionará coma comisión xestora.
2. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez que tomen posesión todas as persoas membros dos órganos de goberno da Ufedega.
3. A comisión xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a Ufedega durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade entre os actores electorais. Estas accións serán aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da Ufedega durante o proceso electoral.

### **Artigo 4. Da xunta electoral. Composición, duración e funcións.**

1. Constituirase unha xunta electoral unipersoal que será o órgano encargado de dirixir e controlar as eleccións. Deberá resolver calquera cuestión que afecte ó desenvolvemento do proceso electoral.
2. A persoa integrante da xunta electoral será designada por sorteo público entre tódolos representantes das Federacións membros, o igual que o seu suplente.
3. Son funcións da xunta electoral:
  - a) Aprobar o calendario electoral.
  - b) Proclamar e publicar as candidaturas presentadas.
  - c) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral.
  - d) Actuar como mesa electoral e efectuar o recuento de votos, previa identificación dos votantes.
  - e) Garantir a exposición das candidaturas e outros documentos do proceso electoral.

f) Coñecer e pronunciarse, en única instancia, sobre as reclamacións que se presenten durante o proceso electoral.

h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

4. As decisións da xunta electoral non son susceptibles de recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva sen perxuízo da súa posible impugnación perante a xustiza ordinaria.

#### ***Artigo 5. Das persoas electoras e elixibles á presidencia da Ufedega e á Xunta Directiva.***

1. Poderán ser persoas electoras á presidencia da Ufedega e á Xunta Directiva os membros da asemblea xeral.

2. Poderán ser elixibles para a presidencia e Xunta Directiva os representantes das federacións que teñan a condición de membro da asemblea xeral na data da celebración da elección.

#### ***Artigo 6. Da mesa electoral.***

1. A Xunta electoral actuará como mesa electoral.

2. Para a mesa electoral, as candidaturas poderán nomear interventor da súa candidatura a calquera persoa maior de idade que serán identificadas ante a xunta electoral antes do inicio da votación.

3. Os interventores poderán participar formular protestas ante a mesa electoral.

4. Son competencias da mesa electoral:

a) Comprobar a identidade dos votantes.

b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna preparada aos efectos.

c) Proceder o recuento de votos.

d) Levantar acta dos votos emitidos, resultado e calquera outra incidencia, así como das incidencias e reclamacións, se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidatura.

#### ***Artigo 7. Da campaña electoral.***

1. Entendese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00:00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a

votación; desde este momento non se poderá realizar propaganda algunha en favor de ningunha candidatura.

## **Capítulo II. Do sistema de elección.**

### **Artigo 8. Das listas pechadas.**

1. O sistema de votación para participar no proceso electoral responderá ao sistema de listas pechadas.
2. As candidaturas presentaranse por listas pechadas e bloqueadas coa designación expresa dos cargos que se propoñen ostentar entre os membros da candidatura, debendo encabezar a lista a persoa candidata á presidencia da Ufedega.
3. A candidatura estará formada por un mínimo de cinco e un máximo de quince membros. Necesariamente, cada candidatura constará alo menos de Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e un Vogal. As candidaturas poderán engadir o número de vogais que se desexe ata un máximo de once.

### **Artigo 9. Papeletas e sobres.**

As papeletas das candidaturas e os sobres de votación estarán a disposición, en número suficiente, na mesa electoral.

2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na asemblea xeral.

### **Artigo 10. Das candidaturas á presidencia e Xunta directiva da Ufedega.**

1. Poderán integrarse nunha candidatura á presidencia da Ufedega os representantes legais das federacións membro da asemblea xeral da Ufedega.
2. O prazo para presentar as candidaturas fixarase no calendario electoral.
3. A presentación de candidaturas poderá facerse persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que deixe constancia da dita solicitude, ante a xunta electoral.
4. A xunta electoral procederá a comprobar a validez dos integrantes das candidaturas presentadas a e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.
5. Se algunha candidatura incorrese en calquera defecto, a Xunta electoral outorgaralle un prazo de dous días hábiles para a súa subsanación.

6. A lista definitiva de candidaturas presentadas farase pública alo menos coa convocatoria da asemblea xeral para a elección de nova xunta directiva.

7. Poderán formularse reclamacións contra a lista de candidaturas no prazo de dous días hábiles dende a súa publicación ante a xunta electoral, que disporá de tres días hábiles para resolver.

### **Capítulo III. Elección da presidencia e xunta directiva da Ufedega.**

#### **Artigo 11. Elección.**

1. No día e hora fixados na convocatoria da asemblea xeral, ésta iniciárase en primeira ou segunda convocatoria, tendo como primeiro ou único punto da orde do día a elección da xunta directiva e presidencia.

2. A Xunta Directiva da Ufedega será elixida mediante sufraxio libre, directo e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

3. O voto dos membros da asemblea xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.

4. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, iniciarse o proceso de votación.

5. O representante de cada candidatura poderá expor o seu programa procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección de xunta directiva, que será secreta.

6. No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación.

7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas realizarase unha nova convocatoria da asemblea xeral no prazo de tres meses.

8. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas iniciárase o proceso de votación.

9. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da xunta electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, e a xunta electoral fixará nova data en que se repetirá o acto de votación.

10. O voto será secreto a as persoas electoras depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.

11. A mesa electoral anotará as persoas que voten, con indicación seu DNI, pasaporte ou carné de conducir xunto coa federación membro a cal representa.

11. Resultará elixida a candidatura que obteña maioría de votos. Para o caso de empate, resolverase a favor do candidato á presidencia de maior idade.

12. Ocupará a presidencia da Ufedega a persoa que encabece a candidatura gañadora.

13. Rematada a elección, a mesa levantará a acta correspondente, que se exporá na páxina web da Ufedega.

### **Artigo 12. Escrutinio.**

1. Finalizada a votación comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

2. A mesa electoral procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada candidatura.

3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta.

4. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados na mesa electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida: aqueles votos que inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas son diferentes deberá computarse como voto nulo.

5. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta.

5. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, a mesa electoral anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

7. Concluídas as operacións, a mesa levantará a acta da sesión,

### **Artigo 13. Documentación electoral.**

Na mesa electoral deberá obrar.

- a) Lista de federacións membros da asemblea xeral.
- b) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
- c) Acta de escrutinio.

## Capítulo IV. *Da moción de censura.*

### **Artigo 14. *Moción de censura.***

A presentación dunha moción de censura contra a persoa presidente da Ufedega axustarase ós seguintes criterios:

- a) Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten seis meses de mandato.
  - b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte dos membros da asemblea xeral e incluírá necesariamente unha persoa candidata á presidencia da Ufedega.
  - c) A presentación da moción de censura dirixirase á xunta electoral da Ufedega que interveu no derradeiro proceso electoral.
  - d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a presidencia da Ufedega deberá convocar a asemblea xeral nun prazo non superior a corenta e oito horas, a contar desde que lle sexa notificada a admisión. A asemblea xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince días nin superior a trinta días, a contar desde que fora convocada.
  - e) Unha vez convocada a asemblea extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quen promovera a inicial.
  - f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da xunta directiva. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a presidencia, se requirira que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros da asemblea xeral.
- Se a moción fora aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que restase ata a finalización do período de mandato da anterior presidencia.
- g) Se a moción fora rexeitada pola asemblea xeral, as persoas signatarias non poderán presentar outra ata transcorrido un ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.